

VIEIROS

Barcelona

Edición xestionada por [Xabier Paradelo](#)

ENTREVISTA NA TVG

Silverio Cerradelo no programa "Libro Aberto"

O autor da novela ambientada en Barcelona "*Os paxaros tamén migran ao sur*" entrevistado na Televisión de Galicia.

Xabier Paradelo - 21:00 02/05/2007

Nunha interesante entrevista emitida o pasado luns 30 de abril, Silverio Cerradelo lidou exitosamente co presentador, Manolo Romón, e respondeu tamén as acertadas preguntas da libreira Sabela Martínez, da librería Versus de Vigo.

O autor, que gañou coa obra o premio de narrativa Terra de Melide 2006, falou da creación dos personaxes e da especial vinculación que ten coa trama, baseada en feitos reais, salientou a súa visión crítica sobre a sociedade de consumo, plasmada na novela, e sobre o papel do sexo nas relacións humanas.

Os paxaros tamén migran ao sur, editada por [Xerais](#), formaría parte dunha trioloxía sobre a cidade de Barcelona e foi elaborado á vez en catalán, en castelán e en galego.

O programa semanal *De Libros* pódese ver por internet no sitio [web](#) da Radio e Televisión de Galicia. Por el teñen pasado recentemente Rubén Ruibal e Xesús Alonso Montero.